



I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Anuncio

A Corporación Provincial, na sesión do día 30 de novembro de 2012, aprobou inicialmente o Plan especial de cooperación coas agrupacións de municipios de “Bande, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños” e “Larouco, Petín, A Rúa e Vilamartín de Valdeorras”, para a execución de centros de recollida de animais abandonados.

De conformidade co dito acordo sométese o expediente a información pública polo prazo dos 10 días hábiles seguintes ó da publicación deste anuncio no BOP. Durante o expresado prazo poden presentarse as alegacións, reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas, que serán resoltas pola Corporación Provincial.

Se non se formulan alegacións entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial adoptado, e procédese á publicación do plan no BOP.

Ourense, 3 de decembro de 2012. O presidente.
Asdo.: José Manuel Baltar Blanco.

Diputación Provincial de Ourense

Anuncio

La Corporación Provincial, en la sesión del día 30 de noviembre de 2012, ha aprobado inicialmente el Plan Especial de Cooperación con las Agrupaciones de Municipios de “Bande, Entrimo, Lobeira, Lobios y Muíños” y “Larouco, Petín, A Rúa y Vilamartín de Valdeorras”, para la ejecución de centros de recogida de animales abandonados.

De conformidad con dicho acuerdo se somete el expediente a información pública por el plazo de los 10 días hábiles siguientes al de la publicación de este anuncio en el BOP. Durante el expresado plazo pueden presentarse las alegaciones, reclamaciones o sugerencias que se estimen oportunas, que serán resueltas por la Corporación Provincial.

Si no se formulan alegaciones se entenderá elevado a definitivo el acuerdo de aprobación inicial adoptado, procediéndose a la publicación del plan en el BOP.

Ourense, 3 de diciembre de 2012. El presidente.
Fdo.: José Manuel Baltar Blanco.

R. 5.056

Deputación Provincial de Ourense

Anuncio

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial acordou, na sesión que tivo lugar o día 30 de novembro de 2012, aproba-las seguintes:

Bases reguladoras da convocatoria de concurso para a concesión de subvencións a deportistas cualificados en modalidades deportivas individuais correspondente ó exercicio 2012

Para cumpri-lo devandito acordo, publícase, deseguido, o texto íntegro das mencionadas bases:

Primeira.- Obxecto

O obxecto destas bases é a regulación da tramitación e concesión, por parte da Deputación Provincial de Ourense, mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrencia competitiva, de subvencións a deportistas ourensáns cualificados en modalidades deportivas individuais, coa finalidade de fomenta-la práctica deportiva e incentivar ós deportis-

tas ourensáns cualificados mediante o recoñecemento da súa traxectoria e rendemento deportivo.

Segunda.- Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios das subvencións obxecto destas bases as persoas físicas que sexan deportistas federados exclusivamente en modalidades deportivas individuais (excluíndose, polo tanto, os practicantes de deportes de equipo) de nacionalidade española ou residentes legais en España, que cumpran algún dos seguintes requisitos:

a) Que posúiran ficha federativa por algún club deportivo da provincia de Ourense durante a temporada 2011-2012.

b) Aqueles deportistas que non posúan licenza federativa por ningún club ourensán na temporada 2011-2012 pero, malia o anterior, se manteñan vinculados ó deporte ourensán, sempre que exista unha causa xustificativa do feito de que non dispoñan de licenza federativa nun club ourensán, como a inexistencia de clubs ourensáns desa disciplina ou especialidade deportiva, a inadecuación destes clubs para o seu nivel de rendemento deportivo ou a necesidade de residir fóra de Ourense por motivos familiares, laborais ou académicos, ou calquera outra causa que xustifique a dita circunstancia.

Terceira.- Disponibilidades orzamentarias

O financiamento das subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase con cargo á aplicación 34111/48000 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2013, tramitándose con carácter anticipado a convocatoria ó abeiro do disposto no artigo 56.1 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións. Para estes efectos, serán de aplicación a esta convocatoria as seguintes regras especiais:

1ª) Esta convocatoria queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Deputación Provincial para o exercicio 2013, tendo carácter puramente estimativo a contía total máxima prevista nestas bases.

2ª) A contía total máxima estimada é de vinte e cinco mil euros (25.000,00 €).

3ª) No expediente de gasto que se tramite a certificación de existencia de crédito substituirase por unha certificación relativa á concorrencia dalgunha das circunstancias previstas no artigo 56.1 do RD 887/2006.

4ª) Os efectos de tódolos actos de trámite ditados no expediente de gasto entenderanse condicionados a que, ó ditarse a resolución de concesión, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se produciron eses actos.

5ª) A resolución de concesión deberá ditarse no exercicio 2013, unha vez aprobado definitivamente e publicado na forma legalmente prevista o orzamento da Deputación Provincial para o dito exercicio.

Cuarta.- Contía máxima das subvencións

As subvencións terán unha contía máxima de 3.000,00 euros e poderán concederse subvencións de diferente contía, en función dos méritos e categoría dos deportistas solicitantes.

Quinta.- Solicitudes: lugar, prazo de presentación e documentación

1. As solicitudes, suscritas polo interesado ou polo seu representante legal, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a presentación no Rexistro Xeral desta entidade ou a través de calquera outro medio dos previstos no artigo 38.4 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo improrrogable de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ó da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.



3. As solicitudes deberán formularse achegando a seguinte documentación:

a) Documentación administrativa:

1.- Solicitude dirixida á Presidencia da Deputación no modelo oficial, recollido no anexo I destas bases.

No caso de que a solicitude sexa presentada a través de representante, deberá achegarse autorización escrita do interesado, na que autorice ó dito representante para solicita-la subvención ou axuda. Non será precisa esta autorización no caso de solicitudes de menores de idade subscritas polo pai, nai ou titor legal.

2.- Copia cotexada do DNI ou equivalente do interesado. Se é o caso, deberá presentarse, ademais, o DNI ou equivalente do seu representante legal, pai, nai ou titor, se fosen estes últimos os que presentasen a solicitude.

3.- Certificado médico que acredite a lesión que padece o deportista, para aqueles peticionarios que non presentaran resultados deportivos nos meses anteriores ó final do prazo de presentación das solicitudes.

4.- Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de atoparse ó día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no anexo II destas bases.

A declaración poderá ir subscrita polo solicitante ou polo seu representante legal, pai, nai ou titor.

5.- Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para o mesmo fin, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo anexo III.

A declaración poderá ir subscrita polo solicitante ou polo seu representante legal, pai, nai ou titor.

6.- Autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación, de se-lo caso, de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, segundo o modelo anexo IV.

A presentación do documento sinalado no apartado 6 non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non presentarse, a Deputación non efectuará ningunha comunicación individual ó interesado relativa á emenda de deficiencias na solicitude, e publicarase a información correspondente exclusivamente a través da páxina web e no taboleiro de anuncios da Deputación, conforme ó sinalado na base 7ª.

b) Documentación para a valoración da solicitude:

1.- Méritos deportivos recollidos no anexo V. Cada folla do mencionado anexo deberá vir certificada pola Secretaría da federación correspondente, acreditando que os méritos deportivos alegados son certos. Ademais, e con carácter informativo, o solicitante poderá incorporar toda aquela documentación que enriqueza o seu expediente, tales como recortes de prensa, dossier persoal, páxinas web, fotos, etcétera.

2.- Os solicitantes incluídos na letra a), da base segunda, deberán achegar copia cotexada da licenza do club deportivo da provincia de Ourense ó que pertencen.

3.- Os solicitantes incluídos na letra b), da base segunda, por inexistencia de clubs ourensáns da súa disciplina ou especialidade deportiva, deberán achegar certificación emitida polo órgano correspondente da federación competente, acreditativa desta circunstancia. Presentarán, así mesmo, copia cotexada da licenza federativa do club ó que pertencen.

4. Os solicitantes incluídos na letra b) da base segunda por causas diferentes á sinalada no parágrafo anterior, deberán

achegar declaración xustificativa responsable onde conste a causa xustificativa de que non posúen licenza federativa nun club ourensán. Presentarán, ademais, copia cotexada da licenza federativa do club ó que pertencen.

En todo caso, nos supostos a que se refire este apartado 4, a Deputación Provincial, durante a instrución do expediente, poderá requirir-lles ós solicitantes a presentación de documentación adicional que motivadamente se estime necesaria para unha correcta acreditación da circunstancia xustificativa de que se trate, concedéndolle ó interesado un prazo de dez días hábiles para tal efecto.

Dada a natureza competitiva do procedemento de concesión de subvencións, e sen prexuízo da posibilidade de requirir documentación complementaria no suposto sinalado no apartado 3.b).4 desta base, a documentación valorable non será obxecto do trámite de emenda de deficiencias, que só lle será de aplicación á documentación administrativa,

Sexta.- Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables aqueles que, atopándose incluídos nos conceptos recollidos no artigo 31 da Lei xeral de subvencións, forman parte do desenvolvemento da actividade ou programa obxecto desta convocatoria.

Sétima.- Procedemento de concesión

O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiránse ó Negociado de Concursos da Sección de Subvencións, para a instrución do expediente e comprobación da corrección da documentación administrativa achegada. Dado o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación valorable, sen prexuízo da posibilidade de requirir documentación complementaria no suposto sinalado no apartado 3.b).4 desta base.

Examinada a documentación, a Presidencia concederá un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada.

Ó abeiro do disposto no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, o requirimento para emenda-las ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación no taboleiro de anuncios da Deputación Provincial e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace subvencións, acceso a concursos, curso para a concesión de subvencións a deportistas cualificados en modalidades deportivas individuais para o ano 2012. No caso de non presentala autorización para realiza-las comunicacións previstas na base 5ª apartado 3 a), punto 6, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente, e en todo caso, por edicto no taboleiro de anuncios e na antedita páxina web.

Para a achega desta documentación, poderá utilizarse como escrito de remisión o modelo recollido no anexo VI destas bases.

Transcorrido o dito prazo, se é o caso, o expediente pasará á Comisión de Valoración, que procederá a formula-la proposta de resolución conforme coas regras seguintes:

a) Con respecto ós peticionarios que non achegasen de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de inadmisión a trámite das súas solicitudes.

b) Con respecto ó resto dos peticionarios, proporase a súa admisión a trámite, procedendo a formular proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios recollidos na base novena.



Oitava.-Comisión de Valoración

A Comisión de Valoración estará integrada por un máximo de seis técnicos e expertos de recoñecida competencia en materia deportiva e de educación física, designados pola Presidencia, dos que un deles actuará como presidente da comisión.

Figurarán, ademais, como vogais da comisión, o xefe do Servizo de Intervención da Deputación Provincial e a xefa da Sección de Subvencións.

Actuará como secretario da comisión o xefe do Servizo de Deportes, designado igualmente pola Presidencia.

Novena.- Criterios para a concesión de subvencións

Para a concesión das subvencións, así como para a fixación da súa contía, a Comisión de Valoración terá en conta os seguintes criterios:

1. Ter sido beneficiario destas subvencións durante o pasado ou pasados exercicios, pola continuidade que deben ter estas axudas.
2. Ter participado en probas ou competicións internacionais coa Selección Nacional Española.
3. Ter sido seleccionado para representar a Galicia en probas nacionais ou internacionais.
4. A participación en campionatos nacionais absolutos ou por categorías.
5. A progresión deportiva nas últimas tempadas, anos de práctica na súa disciplina e posibilidades de futuro.
6. Situación no "ránking" da súa modalidade deportiva.
7. As marcas que ostente.
8. Posuír outros especiais méritos deportivos, razoando de xeito motivado en qué consisten.

Os criterios referenciados valoraranse conxuntamente e de xeito motivado para cada deportista, sen establecerse nestas bases unha ponderación relativa predeterminada entre eles, dada a súa heteroxeneidade. En atención a esa valoración conxunta dos criterios referenciados, os beneficiarios das axudas quedarán incluídos nos seguintes grupos:

Grupo primeiro.- Este grupo recoñece a aqueles deportistas que tiveran ou puideran te-la consideración de olímpicos, que participen habitualmente coa Selección Nacional Española en probas de campionatos do mundo ou europeos, ou que pola súa especial traxectoria e prestixio, sexan merecedores de ocupar este grupo.

Grupo segundo.- Neste grupo segundo inclúense os deportistas que participaran, con razoable éxito, en campionatos de España absolutos, acadando, na maioría dos casos, finais, ou estiveran seleccionados ou preseleccionados coa Selección Española, e que manteñan unha continuidade de varios anos no seu nivel competitivo e de presenza nalgún grupo desta convocatoria.

Grupo terceiro.- O grupo terceiro recoñece a aqueles deportistas que figurando en postos de relevancia no "ránking" dos seus respectivos deportes, ou que pertencendo a disciplinas deportivas en expansión, aínda non acadan os méritos suficientes para figurar nos grupos anteriores.

Grupo axudas extraordinarias.- Este grupo constitúe o primeiro paso para acceder ás axudas, e sérvelles de acollida a aqueles deportistas que, pola súa xuventude, teñan un futuro prometedor, ou que practiquen disciplinas deportivas de federacións minoritarias en expansión, ou sendo bolseiros en anteriores edicións baixaran o seu rendemento deportivo, por exemplo, por mor dunha lesión.

Décima.- Resolución

A proposta da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, para a súa resolución. O acordo de resolución deberá adoptarse no exercicio 2013, unha vez apro-

bado definitivamente e publicado en forma legal o orzamento da Deputación para ese exercicio. Tendo en conta esta condición, o prazo máximo de resolución será de catro meses desde o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, de se-lo caso, ou desde o remate do prazo de presentación de instancias.

A falta de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimativo.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso solicitaralle á comisión, tralos informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta no prazo de quince días. En caso de non facelo así, a Xunta de Goberno resolverá conforme coa proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garanti-lo cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

As axudas entenderanse aceptadas, agás que os beneficiarios comuniquen expresamente o seu rexeitamento no prazo de quince días dende a recepción da notificación.

No suposto de que existisen solicitantes que, cumprindo cos requisitos establecidos nestas bases, non puidesen obter subvención debido ó esgotamento do crédito dispoñible coa concesión das subvencións ás solicitudes que obtivesen maior puntuación, a resolución conterá unha relación ordenada destas solicitudes, para os efectos previstos no artigo 63.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. Na súa virtude, e en caso de producirse remanentes pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Xunta de Goberno, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acorda-la concesión da subvención que proceda ó seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de puntuación.

Undécima.- Publicidade do acordo de concesión

Ó abeiro do disposto no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, a resolución do procedemento non será obxecto de notificación individualizada para os afectados, senón que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos da Deputación Provincial e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace subvencións, acceso a concursos, concurso para a concesión de subvencións a deportistas cualificados en modalidades deportivas individuais para o ano 2012.

Sen prexuízo do anterior, ós solicitantes que presenten a autorización para realiza-las comunicacións previstas na base 5ª apartado 3 a) punto 6, realizaráselles unha comunicación persoal por sms ou correo electrónico, advertindo da publicación da resolución no taboleiro de edictos da Deputación Provincial e na páxina web <http://www.depourense.es>. No caso de que non presenten a dita autorización, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal.

Décimo segunda.- Xustificación e pagamento da subvención

Consideraranse xustificadas coa achega da certificación acreditativa dos méritos deportivos alegados, requirida na documentación para a valoración da solicitude, na base quinta, apartado b) 1.

Sen prexuízo do anterior, a Intervención da Deputación poderá realiza-las oportunas funcións de inspección e control financeiro, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.



O pago das subvencións realizarase mediante a entrega do correspondente talón nominativo por parte do presidente da Deputación Provincial de Ourense, nun acto público, cuxo lugar e data de realización se lles comunicarán oportunamente ós beneficiarios.

Décimo terceira.- Obrigas dos beneficiarios

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán tódalas obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei.

Décimo cuarta.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas ou privadas

1. As subvencións concedidas ó abeiro desta convocatoria son compatibles.

a) Con calquera outra axuda ou patrocinio privado que poidan recibilos deportistas.

b) Con calquera subvención pública que teña unha finalidade diferente, sen prexuízo do establecido no apartado 2.

c) Con subvencións públicas para a mesma finalidade, sempre que sexan concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou dos seus organismos autónomos.

2. Sen prexuízo do anterior, ningún deportista individual poderá recibir da Deputación Provincial de Ourense ou do Inorde subvencións durante o exercicio 2012 que, en conxunto, sumen un importe superior a 3.000 euros, polo que, se é o caso, na resolución desta convocatoria se axustará o importe concedido das subvencións que correspondesen para que non se exceda o dito límite. No suposto de que as subvencións xa concedidas pola Deputación ou do Inorde tivesen un importe igual ou superior a 3.000 euros, non procederá a concesión de subvención ó abeiro desta convocatoria, sen prexuízo de que a resolución do concurso poida proceder a un recoñecemento formal do mérito deportivo do solicitante.

Décimo quinta.- Reintegro ou perda do dereito ó cobro das subvencións

En caso de incumprimento do beneficiario por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, procederase á tramitación dun expediente de reintegro, ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda do dereito poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose de acordo co principio de proporcionalidade. En todo caso, o reintegro incluírá sempre e como mínimo os importes cuxo gasto non se xustificase en prazo.

Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou perda do dereito á subvención, concederáselle ó interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propo-las probas e realiza-las alegacións que teña por conveniente. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, a Xunta de Goberno ditará a resolución que corresponda.

Décimo sexta.- Normativa supletoria

En todo o non disposto nestas bases seralle de aplicación a esta convocatoria e ás subvencións que se concedan ó seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á Administración local, así como na lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Contra este acordo pódese interpor, potestativamente, un recurso de reposición ante a Xunta de Goberno desta Deputación, no prazo de 1 mes, como trámite previo ó contencioso-administrativo, ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo, no prazo de 2 meses, sen que se poidan simultanear ámbolos dous recursos. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ó da recepción desta notificación.

Ourense, 3 de decembro de 2012. O presidente.

Asdo.: José Manuel Baltar Blanco.

ANEXO I

**SOLICITUDE PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A DEPORTISTAS OURENSÁNS
CUALIFICADOS EN MODALIDADES DEPORTIVAS INDIVIDUAIS 2012**

D./D.^a _____,
QUE ACTÚA EN NOME PROPIO OU EN REPRESENTACIÓN
DE _____,
CON DNI n.º _____ TLFNO. MÓBIL _____, FIXO _____,
ENDEREZO ELECTRÓNICO _____,
DATA DE NACEMENTO _____, LUGAR _____,
ENDEREZO _____,
POBOACIÓN _____, CP _____.
CLUB Ó QUE PERTENCE _____
MODALIDADE OU ACTIVIDADE DEPORTIVA _____

EXPOÑO:

Que cumpro tódolos requisitos esixidos nesta convocatoria de subvencions para o ano 2012, asumo tódolos compromisos reflectidos na devandita convocatoria e achego a documentación esixida nesta.

SOLICITO:

A concesión dunha axuda económica para a mellora da formación e rendemento deportivo.

Ourense, _____ de _____ de _____

O solicitante,

O titor legal, se é o caso,

Asdo.: _____

Asdo.: _____

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

**ANEXO II****DECLARACIÓN DEPORTISTAS OURENSÁNS CUALIFICADOS EN MODALIDADES DEPORTIVAS INDIVIDUAIS 2012**

Don/a _____,
con DNI _____,

DECLARO:

-Non atoparme incurso en ningún dos supostos de incompatibilidade ós que se refire o artigo 13.2 d) da Lei xeral de subvencións.

-Non atoparme incurso en ningunha das prohibicións de obtención de subvencións da Deputación Provincial de Ourense ás que se refire o artigo 13 da Lei xeral de subvencións.

-Acharme ó día nas obrigas tributarias coa Facenda Estatal e Autonómica e coa Seguridade Social.

E para que conste, para os efectos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, asino esta declaración en Ourense, o _____ de _____ de _____.

O deportista,

O titor legal, se é o caso,

Asdo.: _____

Asdo.: _____

ANEXO III
DECLARACIÓN DEPORTISTAS OURENSÁNS CUALIFICADOS EN MODALIDADES
DEPORTIVAS INDIVIDUAIS 2012

D./D.^a _____
_, con DNI _____, **DECLARA** que presentou a/s solicitude/s e lle foi/foron concedida/s, a/s seguinte/s axuda/s:

Organismo ou entidade ó que solicita	Data solicitude	Concesión (1)	Contía

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase pendente na columna. No caso de solicitudes denegadas, farase constar denegada.

Non ter solicitado nin, en consecuencia, terlle sido concedida ningunha axuda para o mesmo fin, sexan públicas ou privadas.

Ourense, _____ de _____ de _____

O deportista,

O titor legal, se é o caso,

Asdo.: _____

Asdo.: _____

**ANEXO IV****AUTORIZACIÓN**

Don/a _____,
con DNI _____,

AUTORIZO

Á Deputación Provincial de Ourense a facerme as comunicacións para recibir a través do correo electrónico e/ou sms, indicados na solicitude a comunicación, de se-lo caso, de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada para a solicitude de subvencións a deportistas cualificados para o ano 2012.

Ourense, _____ de _____ de _____.

Asdo.: _____



ANEXO V

MÉRITOS DEPORTIVOS

(setembro 2011/setembro 2012)

OLÍMPICO (Exclusivamente co equipo nacional)

Data	Competición	Lugar	Categoría	Clasificación indiv. equipo

INTERNACIONAL

Data	Competición	Lugar	Categoría	Clasificación indiv. equipo

CAMPIONATO NACIONAL

Data	Competición	Lugar	Categoría	Clasificación indiv. equipo

D./D.^a _____,
 secretario da Federación Galega de _____, **CERTIFICO**
 que, segundo os datos obrantes neste organismo, os resultados deportivos reflectidos nesta folla son certos.

Ourense, _____ de _____ de _____

Asdo.: _____



ANEXO V (Continuación)
MÉRITOS DEPORTIVOS
 (setembro 2011/setembro 2012)

CAMPIONATO AUTONÓMICO

Data	Competición	Lugar	Categoría	Clasificación indiv. equipo

CAMPIONATO PROVINCIAL

Data	Competición	Lugar	Categoría	Clasificación indiv. equipo

OUTRAS COMPETICIÓN

Data	Competición	Lugar	Categoría	Clasificación indiv. equipo

D./D.^a _____,
 Secretario da Federación Galega de _____, **CERTIFICO**
 que, segundo os datos obrantes neste organismo, os resultados deportivos reflectidos nesta folla son certos.

Ourense, _____ de _____ de _____

Asdo.: _____



ANEXO V (Continuación)
MÉRITOS DEPORTIVOS
 (setembro 2011/setembro 2012)

POSTOS NO RANKING DO SEU DEPORTE 2009/10/11/12
ANO / CATEGORÍA/ POSTO

	2009	2010	2011	2012
Provincial				
Autonómico				
Nacional				
Internacional				

OUTROS MÉRITOS

NOTA: o solicitante poderá incorporar toda aquela documentación que enriqueza o seu expediente tales como recortes de prensa, dossier persoal, páxinas web, fotos, etcétera.

Ourense, _____ de _____ de _____

Asdo.: _____

D./D.^a _____,
 secretario da Federación Galega de _____, **CERTIFICO**
 que, segundo os datos obrantes neste organismo, os resultados deportivos reflectidos nesta folla son certos.

Ourense, _____ de _____ de _____

Asdo.: _____

**ANEXO VI**

Don/a _____,
con DNI _____, en nome propio ou en representación
de _____
achégolle a documentación solicitada para unir ó expediente de solicitude de subvención
para _____.

Ourense, _____ de _____ de _____

Asdo.: _____